

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 20 de xaneiro de 2009 pola que se lles dá publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario, e se convocan para o ano 2008 (Diario Oficial de Galicia número 124, do 27 de xuño).

1. Mediante Resolución do 6 de novembro de 2008, do conselleiro do Medio Rural, concedéronse as axudas para financiamento do desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario e pola contía que se reflicte no anexo, convocadas ao abeiro da Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario, e se convocan para o ano 2008 (DOG nº 124, do 27 de xuño).

O artigo 9º punto 3 da Orde do 23 de xuño de 2008 indica que, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subven-

cións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, de conformidade tamén co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O financiamento das subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 23 de xuño de 2008 imputouse segundo á aplicación orzamentaria 11.05.422L.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 e por un importe máximo de trescentos setenta e cinco mil euros (375.000 euros), dos que douscentos quince mil oitocentos cincuenta euros (215.850 euros) son financiados polo Feader.

En virtude do exposto anteriormente,

RESOLVO:

Único.-Dar publicidade á relación de beneficiarios de axudas financeiras concedidas ao abeiro da Orde do 23 de xuño de 2008, que figura como anexo.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2009.

Gonzalo Flores Calvete
Director xeral de Investigación, Tecnoloxía
e Formación Agroforestal

ANEXO

Nº expte.	Nome da entidade	CIF	AF e/ou TT	Axuda concedida
AF e TT 2008/11	Xesgal, Xestión Sustentable Galega	G36588796	Catro cursos de formación e unha viaxe didáctica: Emprendemento do cooperativismo de explotacións sustentables, Producións e calidade diferenciada, Hixiene e seguridade nas actividades agrícolas e gandeiras, Optimización de pradarías e forraxes	15.762,23 €
AF e TT 2008/03	Asoc. Galega de Cooperativas Agrarias-Agaca	F15156557	Un curso de formación e unha viaxe didáctica: Implantación dos servizos de asesoramento	14.611,23 €
AF e TT 2009/29	Asociación Adegas do Salnés	G-36531325	Dous cursos de formación e unha viaxe didáctica: Xestión e comercialización de viños e Métodos de produción agraria sustentable aplicados á viticultura	13.073,46 €
AF e TT 2009/30	Indega, S. Coop. Galega	F-36463776	Dous cursos de formación: Fontes alternativas de enerxía para o uso agrario, aforro e eficiencia enerxética na agricultura, Prevención de riscos laborais no sector agrario. E unha actividade de divulgación: Xornadas técnicas de novas alternativas produtivas e certificacións de calidade nun marco diferenciado	13.000,00 €
AF e TT 2008/07	Asoc. de Gandeiros de Bovino "Asogando"	G27270529	Dous cursos de formación e unha viaxe didáctica: Xestión de residuos agrarios e Benestar animal	11.703,77 €
AF e TT 2009/31	Vitivínicola do Ribeiro, S. Coop. Galega	F-32002230	Un curso de formación e viaxe didáctica: Produción sustentable e mobilización de terras	9.000,00 €
AF e TT 2008/25	Porco Celta O Incio, S. Coop. Galega	F27367432	Un curso de formación e viaxe didáctica: Cría do porco celta e a súa ceba no monte	9.000,00 €
AF e TT 2008/12	Feiraco, S. Coop. Galega	F15016124	Un curso de formación e viaxe didáctica: Formación en novas tecnoloxías e alternativas produtivas	9.000,00 €
AF e TT 2008/27	Horsal, S. Coop. Galega	F36033132	Un curso de formación e viaxe didáctica: Produción integrada	8.456,38 €
AF e TT 2008/08	Coop. Ourenšanas, S. Coop. Galega "Coren"	F32001976	Un curso de formación: Tecnoloxías innovadoras aplicadas á xestión de explotacións de porcino	7.350,00 €
AF e TT 2008/22	Leira, S. Coop. Galega	F27339043	Un curso de formación e viaxe didáctica: Aspectos básicos de manexo nas explotacións gandeiras de vacún	5.489,12 €
AF e TT 2008/16	S.A.T. Teixido e Roxal	F27158237	Un curso de formación e viaxe didáctica: Industrias da madeira, necesidades de mercado	3.520,00 €
AF e TT 2008/26	Asociación Terra Sá	G27335025	Un curso de formación e viaxe didáctica: Produción de horta de calidade diferenciada	3.233,54 €
AF e TT 2008/23	Firmes Empresarios Productores Lácteos	G15707839	Un curso de formación: Aproveitamento de recursos propios	3.128,62 €
AF e TT 2008/13	S.A.T. Monte de Trabada	G27306547	Unha actividade de divulgación: Xornadas técnicas de lexislación forestal	850,00 €
AF e TT 2008/01	Cunigalicia, Soc. Coop. Galega	F36355896	Unha actividade de divulgación: VIII Xornadas técnicas de cunicultura	720,00 €
			Axuda concedida total	127.898,35 €